

PROGRAMA ELECTORAL

MUNICIPAIS 2015 PSOE

Documento creado a partir do folleto informativo repartido na rúa o día **14 de maio de 2015**

SERVIZOS SOCIAIS

- O Partido Socialista ten como prioridade os Servizo Sociais e a axuda a domicilio as persoas
- Potenciar o Centro Cívico do Malecón, arranxado pola Deputación de Lugo que preside José Ramón Gómez Besteiro
- Apoio ás Sociedades nas que participan as persoas maiores
- Apoio ós proxectos de Asociacións Sociais e de Atención ás Persoas con Discapacidade

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

- Xestionar coa Xunta a posta en funcionamento do Porto Seco para que teña actividade industrial
- Potenciar o Polígono Industrial de O Reboredo, dotándoo de instalacións e servizos
- Recalificar a través do PXOM os terreos comprados pola Deputación Provincial de Lugo no Polígono para dedicalos a uso industrial
- Recuperar o tecido industrial que está perdendo Monforte, para xerar emprego para mozos e mozas
- Establecer como prioridade das políticas do Concello o fomento da creación de emprego

COMERCIO

- Compromiso de apoio ó comercio de Monforte, sexan quen sexan os seus xestores
- Impulsar a actividade comercial e as compras en Monforte
- Garantir que todos os barrios teñan alumeado nas festividades
- Fomentar actividades propias ou conxuntas acordadas co propio comercio
- Dinamizar a mesa do comercio de Monforte

URBANISMO

- Recuperar un alumeado público digno para que xente poida andar con tranquilidade polas rúas
- Compromiso de elaborar o Plan Xeral que recolla a realidade de Monforte
- Rematas a redacción, agora paralizada, do Plan especial do casco Histórico
- Mellorar as rúas e as zonas verdes de todos os barrios da cidade e non só no centro da cidade
- Xestionar a construción dunha zona de baño ou praia fluvial pública e gratuíta no río Cabe

INFRAESTRUTURAS

- Seguir facendo xestións paa a construción da autovía A-76 de Ponferrada-Monforte-Ourense
- Seguimento da construción da Vía de Alta Capacidade (VAC) Nadela-Sarria-Monforte
- Xestionar co Ministerio de Fomento a construción da Ronda Urbana dende a rúa Ourense ata a N-120
- Demandar da Xunta de Galicia o remate dos accesos ó Porto Seco dende a N-120
- Xestionar diante do Ministerio de Fomento a variante ferroviaria e a supresión dos pasos a nivel

MEDIO RURAL

- Investir nas parroquias todos os anos como merecen, e non só en vésperas das eleccións.
- Poñer en funcionamento os Servizos Públicos construídos fai xa anos, como son os saneamentos
- Mellorar os asfaltos das pistas rurais que actualmente están moi deterioradas
- Dotar de Locais Sociais ás parroquias que aínda non o teñen
- Programar actividades nos Locais Sociais das parroquias acordados cos veciños

TURISMO

- Recuperar o prestixio das Festas Patronais como elemento de promoción turística de Monforte
- Xestionar diante da Xunta de Galicia, o recoñecemento oficial do Camiño de Inverno
- Xestionar a creación dun albergue ligado ó Camiño de Inverno legamente recoñecido
- Mellorar a información turística de Monforte
- Potenciar a cidade de Monforte como capitalidade da Ribeira Sacra

DEPORTES

- Volver á gratuidade das instalacións deportivas como antes do Plan de Axuste
- Situar as subvencións deportivas nas mesmas contías que cando gobernada o Partido Socialista
- Convocar as subvencións ós Clubs e Asociacións no primerio cuadrimestre de cada ano
- Fomentar o deporte base mediante as escolas deportivas, directa ou en colaboración cos clubs
- Axudar ós clubs deportivos que cumpran unha finalidade social e deportiva en tempo e forma

XUVENTUDE

- Creación do Consello Municipal da Xuventude do Concello de Monforte
- Programa de axudas ás Asociacións Xuvenís para a realización de actividades
- Apoiar ós Grupos Musicais de Monforte, con medios e actividades de promoción

FAMILIA

- Potenciar o Servizo Municipal de Atención a Muller
- Apoiar a inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero
- Crear un foro das diferentes culturas e procedencias para facilitar a integración das persoas